



SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA
SECCIÓN IV
Rúa Archer Milton Huntington, 17
15071 A Coruña
Teléf.: 981 080 040
email: xestion.tributaria@dacoruna.gal

OFICIO
IVTM – PADRÓN 2023
EXPTE: 3501000000142

Información relativa ao Padrón fiscal do IVTM, exercicio 2023

O Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, exercicio 2023, dese concello, aprobouse por resolución núm. 12060, do 24 de marzo de 2023, da Presidencia desta Corporación, na que se contén a relación de suxeitos pasivos, características e matrícula dos vehículos de que son titulares e cota a satisfacer, en cada caso, de acordo coa Ordenanza fiscal aprobada por ese concello.

O ficheiro que contén o referido padrón e o que contén os vehículos exentos, bonificados ao 100% e non suxeitos están a disposición dese concello no seguinte enlace:

<https://www.dacoruna.gal/servizos-tributarios/ficheiros/IVTM/>

O devandito padrón fiscal quedará exposto ao público na Deputación provincial (rúa Archer Milton Huntington, 17, 15071 A Coruña), onde poderá ser examinado polos interesados, **desde o día 3 de abril ao 15 de maio de 2023, ambos os dous inclusive.**

As consultas faranse a través do correo electrónico atención.tributaria@dacoruna.gal ou chamando ao teléfono gratuíto 900132204.

O anuncio de exposición pública dos padróns fiscais será publicado, oportunamente, no Boletín Oficial da Provincia e nos diarios de maior tirada da provincia.

O presidente,
PDFR 29/07/2019

O deputado
Antonio Leira Piñeiro

SR/A. ALCALDE/SA